

ACTA

REUNIÓN ORDINARIA DE XUNTA GOBERNO:

DATA: mércores 31 de maio de 2023

HORARIO: 17.30 – 20.00 h

LUGAR: Rúa Dublín, nº6 Santiago de Compostela – A Coruña / Sede do COTSG-
vía zoom

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES PRESENCIAL:

- Ana Vilar Varela (Vicepresidencia)
- Ana María Rodríguez Fernández (Secretaría)
- Antonio Doval Canabal (Tesourería)
- Adriana Vietes Freire (Vogal)
- Pablo Antelo García (Vogal)
- Cristina Díaz Mira (Vogal)
- Laura Zapata Criado (Vogal)
- María Rosario Capelo Casas (Vogal)
- David Gontán Varela (Técnico COTSG)

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES ONLINE:

RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES:

Miriam Rodríguez Sierra (Presidencia)

Elena Gómez Fernández (Vogal)

1- Aprobar, se procede, a acta da Reunión Ordinaria do 26 de abril do 2023

Aprobada por unanimidade.

2- Lectura e aprobación se procede, do documento elaborado polo Grupo de Traballo de Saúde Mental en relación a FUNGA

Antonio **Doval** expón o escrito. Explica antecedentes da situación da FUNGA.

Acórdase informar as/os traballadores da FUNGA e sobre o escrito enviando copia, para dar posibilidade de achega de aportacións.

3- Asuntos de persoal: Incorporación de Ignacio Iglesias. Funcións e competencias.

Tratase o escrito de reincorporación do traballador Ignacio Iglesias para o 16 de xuño de 2023. Debátense tarefas propostas pola Xunta de Goberno para as súas funcións.

Acordase que as tarefas sexan:

- representar o Colexio de xeito institucional.
- promover contactos con partidos políticos.
- representar o Colexio en Consellos, Observatorios e Grupos.
- contactar con entidades sociais e empresas.
- asistir a congresos en representación do Colexio.
- Manter a parte de transparencia do portal web do Colexio.
- Informar a Xunta de Goberno das accións levadas a cabo.

Acordase que a secretaría da Xunta traslade ditas tarefas.

4- Proposta e aprobación se procede do Decálogo de Traballo Social en Educación.

Laura Zapata expón o decálogo en XG, o decálogo e realizado en colaboración con Ana Vilar. Crease pola falta de publicacións no referente ao Traballo Social en Educación.

Aprobase por unanimidade. E propónse subir documento a publicación de Fervenzas.

5- Contrato de comunicación coa empresa CECUBO sen asinar

Acordase modificar a cláusula de facturación, que se modifique as 18.5 horas por servizos contratados.

Propónse de enviar contrato a Julia (asesora legal), para que o revise. Detectase que no contrato cita a lei 15/1999 sobre protección de datos, xa derogada, para que se actualice.

E aclarar a data de facturación, posto que se comeza o contrato a día 15 de mes.

6- Posicionamento sobre o Ingreso Mínimo Vital.

Ana Vilar refire que o **COTSG** fixo un escrito no que expón que actual xestión do **Ingreso Mínimo Vital** fai que o profesional de Traballo Social sexa xestor de cita e asuma tarefas de control. Que detecta defectos de forma como pedir datos da renda do ano anterior a solicitude.

7- Informar sobre os contactos coa cooperativa de investigación e intervención social INDAGA

Ana Vilar informa a XG dos contactos coa cooperativa INDAGA, e obxectivo de facer un estudo bianual sobre o estado dos Servizos Sociais en Galicia. Está xestionada unha

reunión telemática para a primeira semana de xuño con INDAGA. Proponse para a explotación de datos manter colaboración coas Universidades.

8- Necesidade de reactivar a Comisión de Ética

Recibiuse un escrito solicitando a reactivación do grupo. Acordase que a técnico encargada da xestión de grupos Maria, faga propostas para recuperar a actividade no grupo.

9- Informar sobre a lei de apoios as persoas con discapacidade

Ana **Vilar** informa que a lei refire que por petición **da** fiscalía **se** fagan informes de valoración por parte do/a Traballador/a Social.

10- Informar sobre a reunión do Grupo de Exercicio Libre

Falouse de facer unha campaña de visibilización do exercicio libre e de elaborar documento informando das funcións aos xulgados.

Proponse facer unha sesión telemática coas novas colexiadas para informar sobre o Grupo de Exercicio libre.

11- Informar das reclamacións morosas históricas

Acordase firmar un poder notarial a Julia **Alvarez** para que interpoña demanda de xeito colectivo as 18 persoas con débeda, tras que non responderan ou recolleran as 2 cartas certificadas enviadas polo Colexio.

12- Grupos de traballo do Observatorio de Violencia de Xénero

O OVX solicita a participación en grupos de traballo para elaborar un protocolo contra a violencia de xénero da comunidade autónoma.

Acordase solicitar achegas aos grupos de traballo e colexiadas da quenda de garda. Así como pedir información aos CIM.

13-Posible escrito/declaración ao convenio da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes coa Asociación Nacional de Peritaxe Social

Acordase pedir convenio a administración pública. No momento actual non está posto no portal de transparencia.

14-Valorar a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria para presentar e aprobar se procede o Código de Bo Goberno do COTSG

Acordase facer consulta con Julia Alvarez para saber se é posible facer unha asemblea extraordinaria de xeito telemática coa votación asincrónica.

Acordase subir o portal web, o documento para maior axilidade no proceso.

Barallase a posibilidade de facer a Asemblea Extraordinaria a finais do mes de xuño.

15-Rogos e preguntas.

- Ana Vilar propón adherirse a proposta do Consejo General de Trabajo Social en Educación.
- Levar queixas rexistradas para a seguinte Xunta de Goberno.
- Propor encontro do Grupo de Exercicio Libre.
- Antonio Doval transmite o estado das contas.
- Proposta de Convenio coas Termas de Cuntis, para descontos a colexiación.

- Levar a proposta de publicar o escrito do Consejo General de Trabajo Social, sobre a Plataforma Grupo A

ALTAS E BAIXAS

BAIXAS

traballa no
2621 GC04

traballa no
2110 GC05

3955 traslado o COTS de Baleares

traballa no
4028 GC03

3572 desemprego

ALTAS

4397 4400

4398 4401

4399 3999

3628 4402

3910 1223

4403 4404

Total de Colexiados/as: 3321

Visto e prace:



Asdo: Presidenta accidental



Asdo: Secretaria